



Prezadas familias:

Esta semana pasada tivemos unha cantidade de información sobre os estudos chea de informacións cruzadas e noticias soltas, e o profesorado aínda estamos a esperar instrucións claras da Consellería, no momento en que poidan facelo, pero, co que sabemos seguro hoxe, tentaremos solucionarvos algunhas dúbidas:

- **Vai haber aprobado xeral?** Non. Nin todo o mundo vai ter un 5, nin tampouco un 10. O que se propuxo dende o Ministerio foi unha promoción xeral, ou sexa, tentar que non repita moito alumnado **para non colapsar o sistema** (igual que sucedeu cos hospitais) pero ese alumnado pasaría coas materias que teña suspensas e tería que recuperalas o curso que vén.
- **O curso xa se terminou?** Non. O curso terminará en xuño, mellor dito, en setembro; pero como non podemos estar xuntos nun espazo reducido pechouse o Centro e seguimos traballando, aínda que doutra maneira.
- **Volveremos a clase este curso?** Non o sabemos. Depende de como evolucione a situación pero aínda que se volva vai a ser moi pouco tempo.
- **Esta maneira de traballar é ideal/xusta... e pode substituír ás clases presenciais?** Non. Debido ás particularidades dos nosos estudos, ningún de nós (nin alumnado nin profesorado) estabamos preparados para traballar así. Esta situación xurdiu dun día para outro e estamos a facer o que podemos cos medios particulares de cada, un tendo en conta que non todas/os tedes e temos os medios necesarios para esta situación, hai casos de varios alumnos/as por familia, o alumnado ten que atender tamén os estudos de réxime xeral, lugares onde a coñexión é insuficiente, etc.
- **Que pasa co alumnado que ten pendentes as pasadas avaliacións?** Dependerá de cada caso en particular que deberá avaliar de xeito particular cada profesor/a. No caso de que o alumno/a poida demostrar a superación dos contidos aprobará e no caso contrario non.
- **Que pasa coas probas de acceso ao Conservatorio?** Polo momento non podemos saber cando pero estas probas vanse a levar a



cabo no momento en que a situación o permita, aínda que excepcionalmente poderían sufrir algún cambio no seu formato. Haberá que estar atentos ás instrucións da Consellería que publicaremos a través da páxina nosa páxina web.

- **Que pasa co alumnado de 6º que accede ao grao superior?** A solución será a mesma que se dea para as probas de acceso ao noso Centro.
- **Que pasa cos concertos e audicións que estaban previstas para as vindeiras semanas?** Todas as actividades están canceladas para este curso.
- **Que pasa se preciso algún documento ou certificación do Centro?** O Centro continúa funcionando con @normalidade pero de xeito telemático, polo que se precisan calquera documento non teñen máis que solicitalo e porémonos en contacto con vós para facilitárvolo.

Esperamos ter respostado ás preguntas que están xurdindo máis a miúdo por parte do alumnado e das familias. Para calquera outra consulta poden poñerse en contacto connosco a través das canles habituais que son o correo electrónico cmus.santiago@edu.xunta.gal e a través do teléfono do Centro.

Un saúdo e moito ánimo.
O Director



Asdo.: J. Luis Quintás